

CONTA COMIGO 2016

É un programa de lecer e tempo libre dirixido ás familias dos colexios públicos do concello de Pontevedra. O obxectivo desta iniciativa é favorecer a participación familiar en actividades nas que poder compartir experiencias, diversión e aprendizaxe.

PREZOS POR FAMILIA (ata 5 membros):

- **Actividades:** 10€ por actividade para socios/as de ANPA do concello de Pontevedra federada na FANPA, 20€ para os non socios/as de ANPA federada na FANPA e 50€ para o resto.

- **Rutas de sendeirismo:** 3€ por ruta para os socios/as, 6€ para os non socios/as e 10€ para o resto.

PRAZOS DE INSCRICIÓN:

- Os días **16 e 17 de febreiro:** para os socios/as de ANPA do concello de Pontevedra federada na FANPA.

- Os días **18 e 19 de febreiro:** para o resto.

A inscrición e o pago faranse no local da FANPA (rúa Xan Guillermo, núm. 9), en horario de 9:30 a 13:30 horas. O pago será en efectivo. Non se contempla a devolución da contía, salvo por causa xustificada (enfermidade) e acreditada documentalmente.

DOCUMENTACIÓN:

- **Socios/as:** Fotocopia do documento que acredite ser socio/a de ANPA federada na FANPA.

- **Non socios/as:** Documento que acredite onde estuda o neno/a.

ADXUDICACIÓN DE PRAZAS:

Como as prazas son limitadas, a adxudicación será por orde de inscrición. De non se cubrir o mínimo de prazas necesario para a realización dalgunha actividade, devolverase o importe íntegro na oficina da FANPA.

OBRADOIROS:

- Obradoiro de monicreques

Elaborarán un títere con molde en escaiola e cartón pedra, estucado e pintado e tamén elaborarán o traxe.

- Robótica

Aprenderán a programar e montar un robot móbil con rodas e control wifi.

- Tiro con arco

Converteranse nun Robin Hood mediante o coñecemento dos principios técnicos desta actividade.

- Construcasa

Construirán unha casa e farán que teña electricidade mediante enerxía renovable.

- Coiro

Farán carteiras, pulseiras ou máscaras decoradas coas súas propias mans.

- Malabares

Aprenderán a utilizar pelotas, mazas, diábolo e aros con destreza.

- Patinaxe

Aprenderán a patinar ou perfeccionarán a súa técnica. É obrigatorio traer patíns e proteccións.

- Hípica e Kayak

Vivirán unha aventura en familia baixando os rápidos do río e montando a cabalo.

- Horta ecolóxica

Achegaranse á botánica, agricultura e medio ambiente e elaboración de diferentes produtos naturais.

- Barro

Converteranse en verdadeiros alfareiros modelando e cocendo as súas propias pezas. Teñen que levar mandil.

- Golf

Iniciación á práctica deste deporte de maneira lúdica nunha paraxe idílica.

- Surf

Aprenderás as técnicas do surf e a coller as ondas pudiendo chegar a estar en pé enriba dunha táboa.

- Rutas sendeirismo en familia

Rutas de doada realización, onde combinarán sendeirismo, observación da natureza e achegamento ao patrimonio cultural. Ver rutas na táboa.

TÁBOA DO CONTA COMIGO:

Actividade:	Dende:	Día/horario:	Espazo
Obradoiro Monicreques	9 anos	Venres: 4, 11, 18 marzo; 1 e 15 abril. Horario: 17:30 - 19:30	CEIP Froebel
Robótica	6 anos	Venres: 1, 8, 15, 22, 29 abril; 6, 13, 20, 27 maio e 3 xuño. Horario: 18:30 - 20:30	FANPA
Tiro con arco	6 anos	Venres: 4, 11, 18 marzo; 1, 8, 15, 22 e 29 abril. Horario: 18:15 - 19:45	CEIP Manuel Vidal Portela
Construcasa	8 anos	Venres: 4, 11, 18 marzo; 1, 8, 15, 22 e 29 abril. Horario: 18:30 - 20:00	CEIP Barcelos
Interpretando	3 anos	Sábado: 2, 9, 16, 23, 30 abril; 7, 14 e 21 maio. Horario: 11:00 - 12:30	CEIP Álvarez Limeses
Coiro	8 anos	Sábado: 5, 12, 19 marzo; 2, 9, 16, 23 e 30 abril. Horario: 11:00 - 12:30	CEIP Barcelos
Malabares	7 anos	Sábado: 5, 12, 19 marzo; 2, 9, 16, 23 e 30 abril. Horario: 11:00 - 12:30	CEIP Froebel
Patinaxe inic.	3 anos	Sábado: 2, 9, 16, 23, 30 abril; 7, 14 e 21 maio. Horario: 11:00 - 12:00	CEP Campolongo
Patinaxe perfec.	6 anos	Sábado: 2, 9, 16, 23, 30 abril; 7, 14 e 21 maio. Horario: 12:15 - 13:15	CEP Campolongo
Hípica e Kayak	4 anos	Sábado: 7, 14, 21, 28 maio; 4 e 11 xuño. Horario: 10:30 - 13:30	Ecoparque Atalaia (Cotobade)
Hípica e Kayak	4 anos	Sábado: 7, 14, 21, 28 maio; 4 e 11 xuño. Horario: 16:30 - 19:30	Ecoparque Atalaia (Cotobade)
Horta Ecolóxica	3 anos	Sábado: 23, 30 abril; 7, 14, 21, 28 maio; 4 e 11 xuño. Horario: 11:00 - 13:00	CEP Marcos da Portela
Barro	3 anos	Sábado: 5, 12, 19 marzo; 2, 9, 16, 23 e 30 abril. Horario: 11:30 - 13:00	Casa Azul
Golf	8 anos	Domingo: 3, 10, 17, 24 abril; 8, 15, 22 e 29 maio. Horario: 11:00 - 13:00	Campo de Golf de Meis
Surf	7 anos	Domingo: 3, 10, 17, 24 abril; 8, 15, 22 e 29 maio. Horario: 11:00 - 13:00	Praia da Lanzada

Rutas	Día	Punto de encontro e información
Monte Castrove e Armenteira	Martes 17 maio	- Punto de encontro: 10:30 horas no mosteiro de Armenteira (transporte particular). - Ruta duns 5,8 km. Miradoiros das rías de Arousa e Pontevedra. Petróglifo e mosteiro.
Pontes do Lérez (Forcarei)	Sábado 28 maio	- Punto de encontro: 9:30 horas collemos o bus no Pazo da Cultura. - Ruta duns 4,2 km. Senda fluvial con muíños e pontes e visita ó mosteiro de Aciweiro.
Fervenza de Segade (Caldas)	Domingo 5 xuño	- Punto de encontro: 9:30 horas collemos o bus no Pazo da Cultura. - Ruta duns 6,1 km. Xardín botánico. Antiga fábrica de papel e antiga central eléctrica.
Memoria do Lobo (Cotobade)	Domingo 12 xuño	- Punto de encontro: 9:30 horas collemos o bus no Pazo da Cultura. - Ruta duns 5,5 km. Paisaxe arborada. Visita ó antigo foxo do lobo.
Senda Barragán (Pazos Borbén)	Domingo 19 xuño	- Punto de encontro: 9:30 horas collemos o bus no Pazo da Cultura. - Ruta duns 6,1 km. Senda fluvial, acueduto e a antiga aldea gandeira do século XVIII.
Cabo Udra (Bueu)	Domingo 26 xuño	- Punto de encontro: 9:30 horas collemos o bus no Pazo da Cultura. - Ruta duns 4 km. Vistas das rías, praias, aves acuáticas e Museo de Massó.

INFORMACIÓN IMPORTANTE:

- Nas **actividades en familia** os/as participantes menores de 6 anos teñen que ir ás actividades acompañados por un familiar adulto.

- Nas **rutas de sendeirismo en familia**, todos os/as menores teñen que ir acompañados como mínimo por un familiar adulto. Teñen que levar roupa e calzado cómodos.

- Nas actividades de **patinaxe** teñen que traer os patíns e proteccións.

- Para as actividades de **Surf** e **Kayak** todas as persoas terán que levar roupa de muda, toalla, bañador e chanclas.